

ESQUEMA DE TRABALLO EN PLÁSTICA. 2º DE E. PRIMARIA

EQUIPO DOCENTE: PLÁSTICA

MATERIAIS:

- Material específico da aula de plástica.
- Recursos audiovisuais e material multimedia.
- Materiais de refugallo que traerá o alumnado ou será aportado polo mestre.

PLAN DE TRABALLO:

- Introducción con vídeos/flashcards, xogos... á temática e vocabulario que se vai traballar.
- Presentación da actividade que se faga. A materia de plástica desenvólvese na lingua inglesa (agás nalgúns intres nos que algún neno/a non entenda algo), por iso o alumnado ten que prestar atención, escoitar e mirar ao mestre xa que utilizarase a expresión corporal, a lousa dixital e a pizarra para dar moitas indicacións da actividade a realizar.
- As actividades estarán relacionadas co proxecto do colexio que, este curso 2023-2024, versará sobre **xogos tradicionais**. Ao longo deste ano escolar, tense pensado facer, con material de refugallo algún xogo deste tipo: taboleiro de xadrez ou damas, trompos...
- Tamén e, como se ven facendo no centro ao longo dos derradeiros cursos académicos, traballarase a pintores de todo o mundo, un por trimestre, sendo por orde cronolóxica os seguintes: Matisse, Maruxa Mallo e Luis Seoane.
- Relacionarase unha obra dos artistas a traballar de forma individual e unha actividade grupal.
- Traballarase, en ocasións, con materiais de refugallo, para concienciar ao alumnado na reciclaxe e o coidado do noso planeta.
- Ao final de cada sesión, o alumnado xunto co mestre deixarán a aula recollida.
- Gardarán a súa tarefa nunha carpeta de plástico, que levarán para a súa casa ao final de curso.

CONTIDOS:

- Os bloques de contidos son: educación audiovisual e expresión artística. Éstes traballarase de xeito global ao longo dos tres trimestres, sempre de forma gradual.

BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL	BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA
<ul style="list-style-type: none"> ○ Observación e comentarios posteriores das obras artísticas no contexto, en exposicións ou en museos. ○ Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contexto. ○ Valoración e respecto polas obras plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ○ Uso de diferentes formas, texturas e, sobre todo, as cores na produción. ○ Manipulación adecuada de materiais, instrumentos e espazos. ○ Valoración do traballo individual e grupal e respecto cara os demais.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- A observación directa no día a día, a escala de observación, o rexistro anecdótico persoal, e os intercambios orais serán os instrumentos que determinen o grao de consecución dos obxectivos.

BLOQUES DE CONTIDO	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN	%
Educación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> ● Escala de observación. ● Intercambios orais co alumnado. ● Rexistro anecdótico 	50
Expresión artística	<ul style="list-style-type: none"> ● Escala de observación. ● Producións do alumnado. ● Rexistro anecdótico 	50